

MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO

María Pilar García Negro nace en Lugo, o 9 de Outubro de 1953. Estudos de ensino primario e secundario nesta cidade.

Aos 16 anos, ingresa na Universidade de Santiago de Compostela, para cursar Filosofía e Letras, sección Filoloxía Románica, subsección Hispánicas. Licenciatura en 1975. Cursa, por libre, Filoloxía Galego-Portuguesa, unha vez implantada esta titulación na Universidade Galega. Gradua-se en 1980 nesta especialidade.

Entre Outubro de 1975 e Febreiro de 1976, imparte docencia de lingua francesa, no Seminario Diocesano de Lugo, usando como veicular a lingua galega.

Entre 1976 e 1985 é profesora agregada de Lingua e Literatura Española, no Instituto de Ensino Medio "Eusebio da Guarda", da Coruña, e, na mesma cidade, no Instituto "A Sardiñeira", de 1985 a Xaneiro de 1990. Docencia realizada igualmente en galego como lingua veicular, o que lle valeu a apertura dun expediente, no curso 1983-1984, uns meses despois de ser promulgada a Lei de Normalización Lingüística. Catedrática, en 1992, por concurso, de Ensino Medio.

En Abril de 1983, defende, na Universidade de Santiago de Compostela, a Tese de Licenciatura, dirixida polo Dr. Dobarro Paz, sobre a edición crítica da poesía galega completa de [Valentin Lamas Carvajal](#), cualificada con Sobresaliente.

En Xaneiro de 1991, defende, tamén na USC, a Tese de Doutoramento, que foi a primeira realizada sobre lingua galega e lexislación iuslingüística, baixo o título "Lingua galega e lexislación (1975-1986)", que mereceu a máxima cualificación, *Apto cum laude*.

No curso 1991, ingresa na Universidade da Coruña como Profesora Titular Interina, convertendo-se en Profesora Titular, mediante oposición, en Xuño de 1995. Desde esta data pertence ao Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística desta Universidade.

A sección "O idioma", no semanario *A Nosa Terra*, de que se ocupou entre Marzo de 1978 e Agosto de 1979, foi a primeira do seu xénero (divulgación de bons usos na práctica oral e escrita da lingua) publicada en medios de comunicación galegos. No curso 1979-1980, en colaboración con Xosé M^a Dobarro, publica, no mesmo semanario, a sección "Leccións de Literatura e de Lingua". Alén de neste semanario, ten colaborado noutras publicacións periódicas galegas, portuguesas, catalás, bascas, españolas.

Principais libros publicados:

- *33 aproximacións á literatura e á lingua galega* (1984, 1990), en colaboración con Xosé M^a Dobarro.
- *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística* (1991)

- *Sempre en galego* (1993, 1999)
- *O ensino da lingua: Por un cambio de rumbo* (1995), en colaboración con Xoán Costa Casas.
- *Poesía galega de Valentin Lamas Carvajal* (1998)
- *Direitos lingüísticos e control político* (2000)
- *Arredor de Castelao* (2001)
- *Rosalía de Castro. El caballero de las botas azules. Lieders. Las literatas* (2006)
- *María Mariño no ronsel das escritoras galegas* (2007)
- *De fala a lingua: un proceso inacabado* (2009)
- *Sobre o racismo lingüístico* (2009)
- *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo* (2010). XV Premio de Ensaio en Ciencias Sociais Vicente Risco.

Ten intervido en numerosos simpósios e congresos nacionais e internacionais sobre sociolingüística, línguas europeas non normalizadas, literatura galega e feminismo, e publicado edicións e estudos sobre [Rosalía de Castro](#), [Lamas](#), Pardo Bazán, [Castelao](#), [Xesús San Luís Romero](#), [Ramón Vilar Ponte](#), [Eduardo Blanco Amor](#), [Ricardo Carvalho Calero](#), [Jenaro Marinho del Valle](#), [Manuel Maria](#), [María Xosé Queizán](#), [Lois Diéguez](#), [Marica Campo](#) ou [Pilar Pallarés](#).

Presidenta da Agrupación Cultural da Coruña "Alexandre Bóveda" entre 1983 e 1988. Colaboradora da Federación de Asociacións Culturais Galegas, da Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, da Asociación de Escritores en Língua Galega, da Mesa pola Normalización Lingüística e doutras institucións culturais e pedagóxicas. Cofundadora do Comité español do *Bureau Européen pour les langues moins répandues* e delegada do mesmo, na Galiza, de 1985 a 1990.

Membro do Consello de redacción de *Altres nacions*, da *Revista de Filoloxía* da Universidade da Coruña e da revista *Terra e Tempo*.

Membro da equipa de redacción da "Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos" (Barcelona, 1996) e do Comité científico da mesma.

Militante do movemento nacionalista desde 1975-1976. Deputada, polo Bloque Nacionalista Galego, no Parlamento Galego, de 1989 a 2003. Ensino, cultura, políticas para as mulleres, política lingüística... teñen sido as materias de atención preferente. Á súa iniciativa debe-se a constitución, na Cámara galega, da "Comisión para a igualdade e para os dereitos das mulleres", en funcionamento desde 1994.